



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Edicto de exposición pública da modificación da Ordenanza reguladora das condicións de expedición e uso das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida do Concello de Bergondo*

**Edicto de exposición pública da modificación da Ordenanza reguladora das condicións de expedición e uso das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida do Concello de Bergondo**

**Expediente. 2024/G014/000001**

O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de maio de 2024, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora das condicións de expedición e uso das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida do Concello de Bergondo.

Por medio do presente edicto ábrese un período de información pública polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo na secretaría do Concello e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas. Expoñerase tamén no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/sxc/gl/informacion/> o texto íntegro da modificación da Ordenanza.

De conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o acordo plenario inicial entenderase definitivo no caso de que non se presente ningunha reclamación, procedéndose á publicación íntegra da Ordenanza á que fai referencia o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Bergondo, 3 de xuño de 2024.

A alcaldesa,

Alejandra Pérez Máquez

2024/3884